Historia da literatura e construción nacional. Algunhas achegas de Darío Xohán Cabana

History of literature and national construction. Some contributions from Darío Xohán Cabana

Alberte Valverde
(IES Indalecio Pérez Tizón – Cátedra Internacional José Saramago / albertovalverde@edu.xunta.gal)

Data de recepción: 26/01/2023 – Data de aceptación: 19/04/2023

1. Introdución

Nesta pequena colaboración pretendemos achegarnos a algunhas propostas que o escritor Darío X. Cabana ten deitado na súa obra arredor do canon literario e da historiografía da literatura galega. Sen pretender presentar aquí un texto que abrangue todo o seu macrotexto literario, apenas nos introducimos nalgunhas ideas ou lugares comúns que foi depositando o escritor lucense durante os seus derradeiros anos.

Se ben o autor que nos ocupa ten salientado pola súa faceta como poeta, narrador e tradutor, cómpre demorarse nalgunha das súas producións menos coñecidas para atopar reflexións sobre a historia da literatura galega. De entre estas, destacamos aquelas que teñen que ver coa tese central do seu discurso de entrada na RAG no ano 2006. Neste texto apunta a idea de «A Grande Xeración», isto é, aquela que se dá a coñecer nos anos cincuenta e sesenta do século pasado. Ao mesmo tempo, tamén pomos os ollos na atención que ten depositada na historia da literatura galega dende o prisma do mundo editorial, especialmente a partir da súa vivencia neste sector e nos traballos que deitou arredor da figura de X. M. Álvarez Blázquez.

A perspectiva que imos adoptar é a da socioloxía da literatura. Desta maneira, partimos das ideas propostas por Cabana para reflexionar sobre unha nova visión do canon literario galego do século XX e das dinámicas internas do campo literario galego que chegarían até os nosos días.

2. A Grande Xeración e o canon no campo literario galego

No ano 2006 Darío X. Cabana ingresa na Real Academia Galega como membro numerario no lugar do poeta Manuel María, mentor deste dende que se dá

a coñecer co seu primeiro libro de poemas. No acto le un discurso titulado *De Manuel María a Ferrín: a Grande Xeración*, o cal terá resposta segundo o protocolo de por parte doutro membro numerario, neste caso o aludido X. L. Méndez Ferrín.

Consideramos que é un dos documentos en que fornece a súa pequena achega no que atinxe á reflexión sobre o campo literario galego de forma máis sistemática e orgánica. Isto explícase na maneira de como o autor, agora teórico, analiza a produción (máis que nada poética) dende o Rexurdimento con Sarmiento até o final do século XX. Mais aproveita para xustificar asemade as diferentes tomas de posición e capitais simbólicos que se foron esparexendo en forma de repertorios persoais e que Cabana é quen de xustificar e mesmo valorar dende un posicionamento de corte filolóxico e sociolóxico.

A tese central deste traballo vén aclamar a Xeración dos Cincuenta ou Grande Xeración como unha das maiores dinamizadoras do campo literario galego e que tería os seus ecos até o final do século XX (non esquezamos que se escribe este texto no ano 2006). No groso do traballo describe a produción poética dun grupo de autores na época franquista. Así, é a figura de Celso Emilio Ferreiro e Manuel María cos que inicia a devandita singradura. Estes dous autores serían os primeiros en empregar os capitais simbólicos e repertoriais ligados ao que a posteriori se definiu como socialrealismo. Mais son tamén aqueles que paralelamente modelan o nacionalismo literario após a época das Irmandades. Os dous crean unha liña á que se adhiren autores que a levarían a confíns nunca antes navegados, destacando a figura de Xosé L. Méndez Ferrín e Uxío Novoneyra. Eis como os escritores desta época teñen como principal acometido a «construción inacabable desta catedral, ou por mellor dicir desta cidade, que chamamos Literatura Galega» (Cabana 2006: 15).

A nivel teórico Cabana manexa especialmente o traballo xa clásico de Méndez Ferrín (1990). Este profesor propón un «estudo histórico-literario» (Méndez Ferrín 1990: 18) que se asenta nunha metodoloxía con tres piares: o criterio filolóxico, sociolóxico e mais o esteticista: «xulguei necesario ollar para o pasado e ordenalo nun sistema interpretativo» (Méndez Ferrín 1990: 18). Deste xeito, o narrador de Roás sitúase a sotavento do mentor e elabora a laudatoria dunha época e dun conxunto de autores que el considera esenciais na hora de canonizar e xustificar tal acción.

Porén, un dos principais elementos conflitivos que detecta Cabana nas súas liñas é a utilización do concepto «xeración»

> Nunha perspectiva histórica de períodos longos, paréceme que a Literatura galega moderna se pode percibir como constando de varios ciclos, que abranguen cada un varias unidades, máis ou menos unitarias e nidias, chamadas xeralmente xeracións, ou promocións; preferiría, para estas miúdas divisións, fundadas en idades ou escolas de xénero, o segundo dos nomes. (Cabana 2006: 16)

Aclara neste aspecto a importancia que tivo Ortega y Gasset na configuración desta etiqueta tan manida na historiografía literaria hispánica. De feito, o novo académico propón «Talvez fose mellor falar de escolas, de grupos ou de

movementos, ou onde non de individuos, xa que poucas cousas hai máis solidarias cá creación literaria en canto arte» (Cabana 2006: 16). Porén, máis adiante constata definitivamente que «os escritores non teñen a idade de partida de nacemento, senón a que lles marca o seu ingreso no sistema» (Cabana 2006: 30). Vemos pois como o concepto xeración vai ser unha marca que non acaba de ver operatividade suficiente na hora de establecer unha historiografía do campo literario galego, sobre todo pola convivencia de varias camadas de autores e autoras con datas de nacemento dispares, xogos de interese e repertorios distintos.

Outro concepto que xera conflito é o de «sistema». Durante toda a escrita aparece citado moitas veces e, as máis delas, intenta dar conta da creación literaria como un organismo autónomo que se liga na superestrutura social seguindo o pensamento marxista. Vemos aquí como as teorías de González Millán se concretan ao

> Definir como nacional un determinado sistema literario significa, en primeiro lugar, identificar unha serie de elementos comúns nun determinado corpus textual. Case todos os estudios sobre a dimensión nacional da literatura galega intentan asegurar a lexitimidade desta condición en base ós presupostos dunha identidade colectiva definida segundo trazos esenciais e intemporais (o humor, a ironía, o lirismo ou un non menos impreciso realismo máxico), representada por unha serie de escritores que encarnan o espírito colectivo, é dicir, nacional. É esta unha práctica cultivada especialmente na fase do nacionalismo literario. (González Millán 1995: 74)

Nesta xeración poética, o elemento común que detecta Cabana no conxunto repertorial e de *hábitus* do corte cronolóxico é o concepto «nación». Así concibe que o «escritor en galego non puido xamais ser apolítico», pois está dotado dunha «certa función sacerdotal, de intérpretes da nación, de creadores da nación consciente» (Cabana 2006: 17). É así como pasaría a falar logo de nacionalismo cultural con base nunha «lingua nacional» (Cabana 2006: 24), o cal tería o seu xermolo no Primeiro Ciclo da historia da literatura galega, que iría dende a obra de Sarmiento até final do século XIX e, máis que nada, no Segundo Ciclo que se abre coas Irmandades da Fala e foca como principal alicerce esta Xeración dos Cincuenta ou Grande Xeración. Velaí logo como a parte central deste traballo é unha análise dos diferentes produtos e axentes que se sitúan nesta cartografía.

Preséntase nestas liñas unha proposta de historiografía que tende á simplificación. Nesta liña, mesmo se cuestiona a data de 1976 para marcar unha evolución no eido poético. Parte dunha crítica ás diferentes historias da literatura establecidas para o ensino medio –«historias da literatura para uso escolar» (Cabana 2006: 46)– e indica como esta Grande Xeración ou dos Cincuenta asume o «papel reitor» sobre todo na figura de Méndez Ferrín e, en menor medida de Manuel María e Uxío Novoneyra, para indicar como existe un certo continuísmo na hora de conviviren diferentes fornadas de escritores que continúan o facer poético até final de século.

Apenas lle dedica Cabana unhas poucas páxinas para examinar este continuísmo nos anos da autonomía ou posfranquismo, o cal non é quen de abolir «o seu papel reitor» (Cabana 2006: 47). Cuestiona etiquetas como «Xeración dos Novísimos», pois entende tamén que son debedores da estela iniciada polos máis vellos. Así, canoniza certos títulos, axentes e repertorios que convoca como salientábeis, mais son asemade fabricados ao abeiro dunha escrita de vangarda que parte de Manoel Antonio e continúa en figuras como Alfonso Pexegueiro con *Seraogna* e os autores que marcan a escrita dos anos oitenta ao falar de discurso poético, narrativo e mesmo teatral (Cabana 2006: 46-48).

A autonomía do campo (Figueroa 2010) vén marcada pola adscrición dos poetas a un nacionalismo literario que se inicia na Xeración das Irmandades e a súa ligazón co campo político. Esta Xeración dos Cincuenta retoma esta liña de traballo e busca un lugar de seu no campo literario procurando un campo de grande produción que tería o socialrealismo de Celso Emilio Ferreiro e Manuel María como pulo maior de difusión e un subcampo de produción restrinxida que se configura na hora de estruturar este nacionalismo literario e pasar a un estado superior na figura de literatura nacional. Así, pon como exemplo a figura de Méndez Ferrín ou Uxío Novoneyra pois os dous asimilan discursos vindos de diferentes campos literarios e canalízano a través dun criterio filolóxico que busca unha lingua limpa de elementos foráneos e elaborada baixo o *volksgeist* nacional. Aquí agroman diferentes alternativas que tamén teñen a súa ligazón coas mesmas.

3. Fendas no grupo

O propio Darío X. Cabana cita no traballo analizado unha evolución dos axentes desta Grande Xeración. O laño que se vai configurando como fenda vén dado por dinámicas internas que agroman nunha escola socialrealista en oposición á proposta de Galaxia. Esta dicotomía ten a súa continuación na Transición a través dun posicionamento político que ten a ver coa estruturación do nacionalismo literario e a súa definición.

Para dar conta desta división anota Cabana un dato esclarecedor: o congreso da Asociación de Escritores en Lingua Galega celebrado na vila de Poio en 1981 (Cabana 2006 e Calvo / Rodríguez Yáñez 2007). En concreto, hai un relatorio do poeta X. L. Méndez Ferrín que refire o autor chairego e no que se establece un debate no que participan os principais actores que se analizan no discurso de entrada na RAG de Darío X. Cabana.

Méndez Ferrín pretende nesta comunicación explicar como entende a función do escritor en galego nun momento de mudanza. Se ben tería como título «De escritores galegos», aquí describe o campo literario galego e propón que o canon podería simplificarse en dous autores: García Sabell e Manuel María, exemplos de escritores con «función negativa» (Méndez Ferrín 1981).

O primeiro vén agrupar o grupo Galaxia e Méndez Ferrín defíneos como «pequena burguesía ilustrada». Esta busca integrar a cultura galega a través dun diálogo con outras linguas europeas a través dun tipo de tradución que non selecciona os textos, máis ben é apenas un capital simbólico co que poder presentarse diante dos seus compañeiros de viaxe continental e universal. O discurso está subordinado a unha cultura burguesa que vén dende a época Nós e o seu proxecto europeísta. Na liña herdada, Galaxia configura un «escritor mimético que imita ou xesticula con traducións» nas que apenas se presenta unha pose que obvia o texto en si (pon o exemplo de Heidegger pois o texto traducido non tiña ningunha importancia ao seu ver). Esta escrita «desorganízase da práctica operaria que inculca o nacionalismo popular das clases oprimidas» (Méndez Ferrín 1981).

En segundo lugar, apunta a obra de Manuel María máis actual (no coloquio fica claro que se está a referir á produción posterior aos anos setenta): «elimínase a proposta radical, extínguese porque o motivo orgánico está no cadro burgués e súa obra fica reducida a unha resta de ideoloxemas[1]. A poesía de Manuel María incorre na extinción de si mesmo» (Méndez Ferrín 1981). Esta escola tería moito eco no final dos anos setenta e comezo dos oitenta e vencéllaa á configuración do partido político Bloque Nacionalista Galego.

Após criticar estas dúas liñas maioritarias no campo, prosegue Méndez Ferrín apuntando cal sería a súa proposta de posicionamento no campo literario. Segundo el, buscaríase un escritor orgánico, atendendo á proposta de Gramsci, que operase no seo da loita marxista ou operaria e desenvolvería de xeito paralelo unha liña de traballo literario.

> O escritor ha ser orgánico, onde as ondas rompen, no partido e así esixe a violencia na construción poética e mais a práctica da organización e desorganización do verbo ao tempo que se está onda a clase da alianza operaria. (Méndez Ferrín 1981)

E asemade

> A esixencia céntrase na forma da mensaxe e na mostración da miseria da norma herdada eludindo as tentacións da mensaxe referencial allea e fuxindo da apoloxía da práctica poética que está no idealismo esteticista. (Méndez Ferrín 1981)

Desta forma, focaliza a loita operaria na cidade en oposición ao mundo rural: «a aldea é a non cidade» (Méndez Ferrín 1981). Esta última tería a súa orixe na época Nós e amosa como obxectivo a construción dunha nación asentada nunha pequena burguesía labrega de pequenos propietarios, a cal sería unha «posición belixerante de clase» (Méndez Ferrín 1981). Nesta loita, o escritor –segundo Méndez Ferrín– é aquel que formula unha linguaxe violenta pois está en crise. Desta forma, focaliza a clase obreira operaria das cidades, a cal ha liderar unha revolución, mais ao

[1] Meńdez Ferrín explica que a palabra ideoloxema sería unha unidade estrutural que se repite innecesariamente no discurso literario.

mesmo tempo aposta por un agrarismo non especulativo. É por iso que invoca a simboloxía comunista da fouce e o martelo.

Aparece en liza tamén a figura do criterio filolóxico. A lingua forma parte intrínseca da loita de emancipación colonial. Búscase un escritor orgánico que non olle, que actúe. Así, fala nesta liña dunha futura desfeita, dunha catástrofe que debe evitar o axente literario a través da súa escrita e posicionamento a nivel político. É neste sentido que o axente literario ha posicionarse a favor dun coidado salientábel da lingua e non nun tipo de escrita simplista, algo que lle pon como tacha á figura de Manuel María e os continuadores dunha liña socialrealista.

Após a descrición destas posicións no campo, abriuse un debate no que partillan diferentes axentes aludidos, sendo Manuel María o primeiro. O autor lucense intervén de forma breve para criticar esta visión dicotómica. Así, serán outros escritores quen o apoien. Bernardino Graña, por exemplo, cuestiona a idea dunha centralidade do discurso operario das cidades e como tamén outros autores ligados co rural e a paisaxe xaora configuran o nacionalismo literario, poñendo a figura de Novoneyra como exemplo.

É o propio Darío X. Cabana quen lle pregunta a Méndez Ferrín sobre o seu pasado (en concreto pola dedicatoria dun seu poema a Manuel María en *Con pólvora e magnolias*). Asemade, subliña como se pode obviar un tipo de escrita socialrealista, que tivo o seu papel relevante no decurso da historia, ou como se pode posicionar como vangarda exclusiva da loita revolucionaria. Ao mesmo tempo, cuestiona o termo escritor orgánico, sendo que existen outras posicións políticas paralelas e que conflúen no mesmo obxectivo: o discurso de nación. A isto Méndez Ferrín contesta cunha firme posición no seo do campo e unha volta á reafirmación das concepcións vindas de Gramsci.

Remata esta intervención de Méndez Ferrín cun grupo de cuestións que confirman un campo literario galego plural e no que se diferencian tres grandes liñas historiográficas, xa apuntadas por Darío X. Cabana no discurso de ingreso na RAG. En conclusión, teriamos un tipo de escrita ligada ás posicións de Galaxia, especialmente unidas ao pensamento de R. Piñeiro, e que buscaría a afirmación nacional nun *volksgeist* ruralista e co seu nacemento na revista *Nós*. Habería unha segunda e terceira liña que parte de Celso Emilio Ferreiro, con orixe nas Irmandades da Fala e expandida a partir de 1976. Mais unha das vereas afirmaríase nunha crítica constante dos efectos do colonialismo e unha outra que busca subverter a través da violencia. De aquí aparecen diferentes formas de ollar e interpretar o feito literario, ás veces aposta por unha reivindicación do *volksgeist*; outras a partir dunha concepción que busca a novidade na configuración dun formalismo virtuosista ou a través dunha vangarda anovada e con ritmos distintos.

Porén todas teñen en común unha orixe, a época das Irmandades da Fala que fica silenciada no franquismo e é retomada e reformulada nesta Grande Xeración que apunta Darío X. Cabana.

4. O mundo editorial

Na hora de valorar o campo literario galego tamén focalizamos outros traballos nos que Darío Xohán Cabana se ten debruzado. Estamos agora a traer á memoria unha das propostas que ten advertido o propio autor: a historia do mundo editorial na Galiza e, especialmente, no campo literario galego.

O «sistema editorial galego»[2] (Cabana 2006: 26) e os «premios literarios» (Cabana 2006: 27) son dous elementos que cómpre estudar con maior profundidade segundo este autor (especialmente en Cabana 2008). Isto ten a ver pola súa propia biografía. O chairego desenvolveu durante o seu periplo vital unha experiencia no eido da edición orientada polas mans de Xosé M.ª Álvarez Blázquez. Deste xeito, é na biografía que lle dedica a este autor tudense un dos momentos no que máis se demora na análise deste primeiro elemento.

A teor das palabras deitadas nesta fotografía da época, obsérvase que a tese central que manexa Cabana é a que segue. Existiría un campo de grande produción que presentaría dúas gallas no mesmo toro. A primeira delas é a máis coñecida e que se inicia en 1950: a editorial Galaxia. Esta empresa chega a catalogala como partido político (Cabana 2008: 63, 69 e 177) ou máis ben apolítico posto que segundo este autor, o director da empresa pretendía romper o movemento nacionalista rematando por completo co Consello da Mocidade (Cabana 2008: 64). Nesta mesma liña, pexa o desenvolvemento dos partidos políticos como UPG e PSG. Velaí como cómpre contrastar o anotado no apartado anterior a respecto do debate no congreso de 1981.

En pugna con este sector xorden outras empresas que tamén tentan ocupar este campo de grande produción. Aquí destaca a figura de X. M.ª Álvarez Blázquez pois foi o dinamizador de empresas editoriais con grande éxito comercial. Monterrey e máis que nada Castrelos foron decisivas. O caso de Castrelos é o que con máis arelas se emprega o autor a describir. Se ben foi partícipe directo, obsérvase como considera a segunda xeira de Castrelos como unha das maiores en dimensións numéricas no que atinxe a títulos e edicións.

Darío Xohán Cabana manexou datos que lle son de moi difícil acceso ao mundo da crítica e historiografía actuais. Ao revisar os traballos que presenta sobre este feito sorprende ver como é coñecedor das tiraxes ou vendas que teñen as diferentes edicións. Así pois, as investigadoras temos que botar man de volumes moi xerais como *O libro en Galicia* para analizarmos a produción editorial nos anos da Transición. Aquí o autor dá datos concretos e mesmo corrixe a Axencia Española do ISBN (Cabana 2008: 178). Desta maneira afirma con certeza como son a editorial

[2] Cómpre realizar unha análise máis polo miúdo para poder entender o que o autor entende como «sistema» pois ás veces concíbese como método e outras veces semella ter a ver coa concepción de superestrutura social en Marx, tan ben estudado por González Millán nos seus traballos.

Galaxia (94 títulos) e Castrelos (54) as dúas casas que máis libros editan entre 1968 e 1975. Isto confirmaría a tese do campo de grande produción.

Mais o autor vai alén e pode chegar a dar o número de exemplares vendidos na hora de focalizar coleccións como O Moucho, a cal pretende dinamizar o campo achegando clásicos e novos axentes e repertorios do campo literario. As teorías de Bourdieu (1992) e que levou ao campo literario galego Antón Figueroa (2001 e 2015) casarían coa análise que tamén propón Cabana (2006) na hora de analizar o mundo editorial galego do franquismo.

Deste xeito, ficarían outras empresas que darían conta máis ben do subcampo de produción restrinxida. Segundo os datos que manexa o chairego derivamos que este espazo estaría ocupado por empresas de menor tamaño tal Benito Soto, Monterrey ou Xistral nos anos cincuenta e Val de Lemos a sección galega de Akal posteriormente. Asemade, tamén salienta a importancia das coleccións de Illa Nova de Galaxia e Pombal de Castrelos. Desta maneira, serían espazos nos que os axentes literarios buscarían un lugar de seu ao adquiriren un capital simbólico especial da novidade ou orixinalidade.

Como exemplo disto último, trae a colación Cabana a figura de Gonzalo Rodríguez Mourullo. Este autor acadou o éxito no subcampo de produción restrinxida e figurou dende novo como principal representante das innovacións no eido da narrativa galega do antifranquismo ou Nova Narrativa Galega. Así destaca Cabana como foi a editorial Monterrey, en concreto na colección «Frol e froito» (Cabana 2008: 182), na que se dá a coñecer o autor de *Nasce unha árbore* e *Memorias de Tains* e que tan boa acollida de público tivo ao baixar o prezo dos libros e seren máis accesibles. Eis outro dato que manexa este autor, os custos dos volumes e os números de edicións. Así é como tamén se coñece o nivel de adquisición e interese do público de xeito pragmático.

5. Conclusión

Nesta pequena achega intentamos debruzarnos sobre unha das facetas que tamén practicou o escritor Darío X. Cabana, a historiografía literaria. Se ben é certo que este autor destacou pola súa produción na creación literaria e no eido da tradución, cómpre ter en conta tamén estas reflexións verbo do campo literario galego.

Aquí observamos como centrou parte do seu discurso na revisión do campo literario e máis especialmente na configuración do canon e na revisión dos diferentes repertorios e axentes que os organiza baixo a etiqueta da Grande Xeración. Este conxunto de autores/as é o encargado en retomar o traballo das Irmandades da Fala, silenciado polo franquismo. Paralelamente, achega novas propostas cun fío condutor: o nacionalismo literario.

Mais tamén apunta episodios como o I Congreso da Asociación de Escritores en Lingua Galega celebrado en Poio en 1981 e que demos conta neste traballo. Así

observamos como os debates presentan novas propostas literarias e marcan as diferentes tomas de posición e *hábitus* no campo que mesmo se insiren no século XXI. Nesta liña sería interesante estudar como o autor que nos ocupa ía escoller unha vía ou outra para a súa produción narrativa e poética.

Paralelamente, tamén consideramos a súa achega a respecto da historia do mundo editorial e como se van construír ao abeiro desta Grande Xeración os campos de grande produción (atendendo a unha literatura minorizada) e de produción restrinxida. Así, a biografía de X. M.ª Álvarez Blázquez serviu na hora de efectuar a radiografía dun mundo editorial galego que busca novas formas de expresión.

Referencias bibliográficas

Bourdieu, Pierre (1992): *Les règles de l'art. Genèse et structure du champ littéraire*. Paris: Seuil.

Cabana, Darío Xohán (2006): *De Manuel María a Ferrín: a Grande Xeración. Discurso lido o día 22 de Abril de 2006, no acto da súa recepción, polo ilustrísimo señor don Darío Xohán Cabana Yanes; e resposta do excelentísimo señor don Xosé Luís Méndez Ferrín*. A Coruña: RAG.

Cabana, Darío Xohán (2008): *Xosé María Álvarez Blázquez: vida e obra*. Vigo: Xerais.

Calvo, J. Luís / Yago Rodríguez Yáñez (2007): *Conversas con Darío Xohán Cabana. Vida e escrita*. Vigo: Xerais.

Figueroa, Antón (2001): *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Vigo: Xerais.

Figueroa, Antón (2010): *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Figueroa, Antón (2015): *Marxes e centros: para unha socioloxía do campo cultural*. Santiago de Compostela: Laiovento.

González-Millán, Xoán (1995): «Do nacionalismo literario á literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudo institucional da literatura galega», *1994 Anuario de Estudios Literarios*, 67-81.

Méndez Ferrín, Xosé Luís (1981): «De escritores galegos». Intervención o día 2 de maio de 1981 no *I Encontro de escritores en lingua galega*, 2-4 maio, Poio. AELG.

Méndez Ferrín, Xosé Luís (1990): *De Pondal a Novoneyra*. 2ª ed. Vigo: Xerais.